

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE, A FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DE CANTABRIA PARA O ESTUDO E A INVESTIGACIÓN DO SECTOR FINANCEIRO (UCEIF) E O BANCO SANTANDER S.A. PARA O ESTABLECEMENTO DUN MARCO DE ACTUACIÓN CONXUNTA EN FAVOR DO DESENVOLVEMENTO DO ESPÍRITU EMPREENDEDOR NO MARCO DE EDUEMPRENDE.

MEMORIA DE TRANSPARENCIA

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Universidade formalizou coa Fundación da Universidade de Cantabria para o Estudo e Investigación do Sector Financeiro (UCEIF) e o Banco Santander S.A. un convenio de colaboración, para o desenvolvemento do programa Finanzas para Mortais, enmarcado dentro do Plan de Emprendemento Eduemprende, que rematou a súa vixencia o pasado 29 de agosto de 2021.

Que Consellería de Cultura, Educación e Universidade desexa seguir contando coa colaboración do Banco Santander S.A. e de UCEIF e que, para este fin, se asinou un novo convenio, en data 26 de novembro do 2021, cunha vixencia de 4 anos de duración.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración das entidades asinantes para promover e fomentar actividades e iniciativas emprendedoras dentro do marco de Eduemprende, Plan de emprendemento do sistema educativo de Galicia.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o convenio asinado se fundamentan no seguinte:

Realización de actividades formativas para fomentar o espírito emprendedor como motor de innovación, competitividade e crecemento económico.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

José Luís Mira Lema

Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional

